



## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

### ANUNCIO

Entre os días 1 e 30 de xuño de 2021 pódese solicitar praza na gardería municipal de Mondariz Balneario para o curso 2021-2022.

Debe presentarse a seguinte documentación:

- DNI do pai / nai / representante legal.
- Solicitud en modelo normalizado.
- Libro de familia.
- Xustificante de ingresos (última nómina e copia da declaración do IRPF ou, no caso de non estar obrigado a declarar, certificacións expedidas pola axencia estatal de administración tributaria, certificado de prestación económica do INEM ou certificado de non prestación, se é o caso, certificación de empresa, xustificación doutros ingresos).
- Certificado de minusvalía alegada polos membros da unidade familiar.
- Certificado médico. No caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar deberase facer constar esta circunstancia no certificado.
- Tarxeta sanitaria do neno (en caso de admisión).
- Informe do equipo de valoración e orientación das delegacións provinciais da consellería de asuntos sociais, emprego e relacións laborais ou órgano competente na materia na administración do estado ou nas correspondentes comunidades autónomas, sobre a necesidade de integración no caso de nenos con discapacidades.
- Documentación acreditativa de incidencias tales como separación do cónxuxe, abandono do fogar, etc.
- Informe dos servizos sociais do concello correspondente, no suposto de que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou por situacións especiais nas que viva a unidade familiar.
- Catro fotografías tamaño carné (en caso de admisión).
- Certificado de convivencia.
- Autorización (no seu caso) dos pais ou titores do neno para facer fotos e gravar vídeos de actividades desenvolvidas na gardería municipal (en caso de admisión).

Pode solicitar información na Gardería Municipal ou nas oficinas municipais.

Mondariz Balneario, na data reflectida á marxe.

O alcalde. José Antonio Lorenzo Rodríguez

